


Permanece aberto o prazo para presentar as solicitudes dos bonos dixitais para colectivos vulnerables



Xunta de Galicia
Programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables
(DOG nº 136 do 18-07-2023)

ENTIDADES COLABORADORAS
ITEGAL, ATUAXANELA, R CABLE, O2, LOWI e DIGI

DESTINATARIOS
Persoas que reciben a **Risga** da Xunta ou o **IMV** do Estado ou cuxa **renda anual (per capita) sexa inferior ao 125%** do IPREM en caso de non haber menores ou 175% no caso de que si haxa menores.

CONTÍA DAS AXUDAS
Minoración de ata 20 euros na factura mensual emitida pola entidade colaboradora elixida, durante **un período de ata 12 meses** cun máximo de 240 euros. **O IVE non será subvencionable*

CARACTERÍSTICAS DO BONO
Empregarase para **contratar ou mellorar a conexión á banda larga cunha velocidade mínima de 30Mbps**
**Non será válida a mellora de velocidade co operador xa contratado no caso de dispor previamente dunha velocidade igual ou superior a 30 Mbps.*

SOLICITUDES
Aberto o prazo ata o **15 de novembro de 2023**.
Poden acudir ao traballador social do concello, realizar a presentación directamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (Procedemento AP400A) ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos.

Mais información: [AP400A - Bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables](#). - Sede Electrónica - Xunta de Galicia
Oficina do Plan de Banda Larga: 981 957868 / oficina.bandalarga@xunta.gal



Ata o 15 de novembro permanecerá aberto o prazo de solicitude das axudas enmarcadas no programa UNICO Bono Social para a cidadanía.

Dirixido a...

Persoas que reciben a Risga da Xunta de Galicia ou o IMV do Goberno de España ou cuxa renda anual (per capita) sexa inferior ao 125% do IPREM en caso de non haber menores na unidade familiar ou 175% no caso de que si haxa menores.

O bono poderase empregar para...

Contratar ou mellorar a conexión á banda larga fixa cunha velocidade mínima de 30Mbps. (Nota: Non será válida a mellora de velocidade co operador xa contratado no caso de dispor previamente dunha velocidade igual ou superior a 30 Mbps)

O desconto do bono consiste...

Nunha minoración na mensuralidade, ata 20 euros na factura emitida pola entidade colaboradora elixida durante un período de ata 12 meses cun máximo de 240 euros

Para levar a cabo a solicitude...

Recoméndase a presentación telemática a través dunha persoa autorizada, como pode ser o persoal dos servizos sociais comunitarios xa que dispón dun **formulario habilitado expresamente ao efecto na plataforma HSUE**: <https://hsue.xunta.gal>

Con todo, as persoas interesadas poderán presentar tamén as súas solicitudes a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=AP400A&ano=2023&num...>) ou de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común,

Unha vez concedido o bono...

As persoas beneficiarias do bono deberán levar a cabo a contratación ou mellora do servizo a través dunha destas entidades colaboradoras: Itegal, Atuaxanela, R Cable, O2, Lowi ou DIGI. Poden consultarse os canais de contacto das entidades colaboradoras a través do rexistro de operadores colaboradores accesible nas seguintes ligazóns:

- <https://amtega.xunta.gal/registro-operadores-bono-social> (gal)
- <https://amtega.xunta.gal/es/registro-operadores-bono-social> (es)